

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE PROFESORES ESPECIALISTAS DE TECNOLOXÍA DE GALICIA

(APETEGA)

CAPÍTULO I: DA FUNDACIÓN, CARÁCTER, SEDE, MEDIOS E FINS DA ASOCIACIÓN

Artigo 1.- No día 23 de febreiro de 2000 queda constituída a ASOCIACIÓN DE PROFESORES ESPECIALISTAS DE TECNOLOXÍA DE GALICIA. Constitúese como entidade asociativa sen ánimo de lucro ó abeiro da lei 19/1977, do 1 de Abril (BOE nº 80 do 4 de abril).

Artigo 2.- Son fins declarados da Asociación o INTERÉS E TRABALLO NA ÁREA DE TECNOLOXÍA E UNIFICACIÓN DE CRITERIOS PARA A SÚA HOMOXENEIZACIÓN NO ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA.

Artigo 3.- A actividade principal da Asociación consistirá en promover o ensino da área de Tecnoloxía no sistema educativo; programará asimesmo actividades, sempre en relación cos seguintes temas:

- Realización de actos culturais e educativos relacionados co ensino da Tecnoloxía.
- Organización de cursos sobor de temas relacionados co ensino da Tecnoloxía, didáctica, novidades, etc.
- Poderá editar un boletín informativo ou de outro tipo de canle impresa para a difusión da actividade da asociación.
- Difusión da obra impresa relacionada ca Tecnoloxía, o seu desenvolvemento e o seu ensino.
- Defensa dos intereses laborais do colectivo de profesores de Tecnoloxía de Galicia.

Estas actividades levaranse a cabo principalmente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, excedendo este ámbito só en actividades programadas en colaboración con outras entidades de fora da devandita comunidade.

Artigo 4.- Os recursos da Asociación procederán das cotas (de inscrición, de actividade ou mensuais) que paguen os seus socios, das aportacións dos socios colaboradores, das subvencións, créditos e axudas que reciba de entidades públicas e privadas e doutras fontes de financiamento legal.

A contía da cota de inscrición establecerase na primeira Asamblea de Socios. A contía da cota anual ou mensual será establecida na primeira Asamblea de socios a realizar. As cotas de outras actividades serán axustadas pola Xunta Directiva de acordo co tipo de actividade a realizar.

Artigo 5.- A sede e enderezo social da Asociación establécese no I.E.S. XULIÁN MAGARIÑOS- rúa Castelao s/n- Negreira.

CAPÍTULO II: DOS SOCIOS E ÓRGANOS RECTORES

DA ASOCIACIÓN

Artigo 6.- Os órganos rectores da Asociación son: a Asamblea Xeral de Socios, composta por tódolos socios da Asociación e a Xunta Directiva. Esta última componse de Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e de tres a sete vocais, elixidos todos pola Asamblea Xeral de Socios.

Artigo 7.- Poderán ser socios da Asociación tódolos profesores de Tecnoloxía, tanto do ensino público como do privado. Os novos socios serán inscritos no Libro de Inscrición de Socios. Esta inscrición consiste en indicar número de socio, nome e apelidos, número de D.N.I., data de inscrición como socio, enderezo e teléfono. Neste libro farase constar a seguir da inscrición citada, a data e causa da perda da condición de socio de quen sexa expulsado da Asociación por decisión da Asamblea Xeral cun porcentaxe dos 2/3 dos votos da Asamblea, ou de quen solicite a baixa como socio.

Son socios colaboradores da Asociación aquelas entidades ou empresas que aporten axudas económicas ou de outro tipo para a realización das actividades da mesma, segundo o

acordado coa Xunta Directiva. Estarán igual que os socios da Asociación obrigados polos presentes Estatutos, ó Regulamento de Réxime Interno, (desde que exista), e ás decisións legais da Asamblea Xeral de Socios e da Xunta Directiva.

Artigo 8.- A Asamblea Xeral de Socios é o máximo órgano rector da Asociación. Celebrará unha reunión ordinaria cada ano, e reunións extraordinarias cando medie convocatoria de alomenos a décima parte dos socios ou ben da Xunta Directiva. Nos tres casos, as convocatorias terán unha antelación mínima de cinco días, comunicaranse ós socios, indicando a orde do día a tratar e o lugar, data e hora da reunión.

Artigo 9.- As reunións da Asamblea Xeral de Socios quedarán validamente constituídas se están no lugar, data e hora da convocatoria presentes alomenos a metade máis un dos socios, ou media hora máis tarde co número de socios presentes.

Artigo 10.- As decisións da Asamblea Xeral adoptaranse co voto da maioría simple dos socios reunidos, e obrigarán a tódolos socios da Asociación. No caso de que o motivo da reunión sexa decidi-la disolución do Asociación, adoptarase co voto de máis de dous tercios dos socios reunidos. Mediante carta firmada, dirixida á Xunta Directiva, calquera socio pode delegar noutra persoa o seu voto.

Artigo 11.- A Asamblea Xeral de Socios disporá das seguintes atribucións:

- Valora-lo nivel de consecución dos obxectivos da asociación.
- Examinar e aprobar as contas e balances da mesma.
- Elixir unha nova Xunta Directiva, renova-la en parte dos seus membros ou reelixi-la Xunta Directiva xa existente.
- Planifica-las actividades a realizar pola Asociación no período subseguinte.
- Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para o mesmo período futuro.
- Aproba-lo regulamento de réxime interno da asociación.
- Modifica-los estatutos.
- Actualiza-las cotas a pagar polos socios.
- Establecer relacións con outras asociacións.
- Acorda-la disolución da asociación, designando neste caso liquidadores ó efecto. O patrimonio social da mesma despois de pagar todas as contas que estivesen pendentes, repartirase equitativamente entre todos os socios que estean ó tanto no pago das súas cotas.
- Tódalas demais atribucións que lle correspondan segundo a lexislación aplicable.

Artigo 12.- A Xunta Directiva reuniráse por convocatoria feita a tódolos seus membros cunha antelación non inferior ás corenta e oito horas do/da presidente/a, do/da secretario/a, ou ben por convocatoria de calesqueira tres dos seus membros alómenos. As súas decisións adoptaránse co voto da maioría simple, sempre e cando eslean presentes alómenos a metade dos membros da Xunta Directiva máis un; noutro caso, non terá capacidade para tomar decisións, salvo a de convocar reunión extraordinaria da assemblea Xeral de Socios.

Artigo 13.- A Xunta Directiva, que será elixida mediante sufraxio libre e segredo (art. 3.5 do Real Decreto 873/1977) é o órgano executivo, xestor e administrativo da Asociación e as súas competencias son:

- Exerce-la representación legal da Asociación.
- Administrar os recursos da Asociación, seguindo o presuposto de ingresos e gastos aprobado pola Asamblea Xeral de Socios.
- Levar a cabo as actividades planificadas pola Asamblea Xeral de Socios, e o resto das decisións legais de ésta, e dirixi-los traballos destinados a tales efectos.
- Acordar a solicitude de subvencións, axudas, convenios, de colaboración a institucións públicas ou privadas, estatais, autonómicas, provinciais, comarcais ou municipais
- Convocar en reunión extraordinaria á Asamblea Xeral de Socios.
- Preparar o presuposto de ingresos e gastos e a planificación de actividades do Asociación para cada período e somete-los á aprobación da Asamblea Xeral de Socios.
- Elaborar o estado de contas e balances e o informe de consecución dos obxectivos propostos na última reunión da Asamblea Xeral de Socios, e sometelos á aprobación de ésta.
- Facer cumpli-los Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno.
- Tódalas demais atribucións que lle correspondan.

Cada un dos membros da Xunta Directiva, terá as atribucións e obrigas propias do seu cargo, así como as que lle otorgen os presentes estatutos, e o Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 13.1.- O/A Presidente/a do Asociación asume a representación legal da mesma, asistido no seu caso polo secretario/a ou por tódolos membros da Xunta Directiva ou pola Asamblea Xeral de Socios, ou designará ós membros da Xunta Directiva que os executen.

Terá as seguintes atribucións e obrigas:

- Convocar, presidir e levantar as reunións que celebre a Xunta Directiva ou a Asamblea Xeral de Socios, delegando noutro membro da Xunta Directiva en caso necesario.
- Ordena-los pagos acordados válidamente.
- Xestionar no nome do Asociación os convenios de colaboración que se decidan legalmente.

Artigo 13.2.- O/A Secretario/a da Xunta Directiva terá as seguintes atribucións e obrigas:

- Tramita-las inscricións e solicitudes dos socios e levar o Libro de Socios.
- Levar o ficheiro do Asociación e dirixi-los traballos administrativos do mesmo e redacta-los seus documentos.
- Velar polo cumprimento das disposicións vixentes en materia de asociacións, custodia-la documentación oficial do Asociación e cursa-las comunicacións oficiais cas autoridades civís.
- Levantar acta das reunións válidas da Asamblea Xeral de Socios e da Xunta Directiva.

Artigo 13.3.- O/A Tesoureiro/a terá as seguintes atribucións e obrigas:

- Dirixi-la contabilidade do Asociación, levar conta dos ingresos e os gastos, intervindo nas operacións económicas da Asociación.
- Recaudar e custodia-los fondos do Asociación, e dar cumprimento das ordes de pago decididas legalmente pola Asamblea Xeral de Socios e ordeadas polo/a Presidente/a.
- Formaliza-lo presuposto anual de ingresos e gastos, e o estado de contas e balances do último período.
- Dirixi-la administración económica.

Artigo 13.4.- O Vicepresidente/a terá as seguintes atribucións e obrigas:

- Asumi-las funcións e obrigas do/a presidente/a en caso de ausencia deste ultimo/a.
- Velar polo cumprimento das disposicións vixentes en materia de asociacións.

Artigo 13.5.- Os vocais terán as seguintes atribucións e obrigas:

- Suplir ós demais membros da Xunta Directiva en caso necesario.
- Executa-los distintos servicios e actividades da Asociación, dirixindo cada un deles as funcións de cada módulo de traballo que designe a Asamblea Xeral de Socios. Estes módulos de traballo estarán formados polos socios da Asociación que así o desexen e o

soliciten á Xunta Directiva, que poderá negarse a que un socio pertenza a un módulo de traballo, cando esté probada a súa incapacidade para dita función. Os módulos de traballo executarán o disposto pola Xunta Directiva e a Asamblea Xeral de Socios e terán capacidade de decisión cando non haxa prazo para a convocatoria dunha Xunta Directiva, debendo dar conta a ésta dos traballos que realicen e das actividades que leven a cabo.

A Xunta Directiva poderá crear un novo módulo de traballo se un conxunto de tarefas así o requiren. Deberá elixirse entón un novo vocal para a súa dirección.

Artigo 14.- Respecto das reunións extraordinarias da Asamblea Xeral de Socios, a Xunta Directiva é a responsable de facer a convocatoria previa, indicando a Orde do Día proposta. A esa convocatoria deberá adxuntar: un informe sobor o grao de consecución dos obxectivos que a Asamblea Xeral de Socios se propuxera na reunión anterior, un informe sobre o estado de contas e sobor dos presupostos de ingresos e gastos do vindeiro período, e a información dispoñible para elaborar programas de actividades que se poidan levar a cabo.

CAPÍTULO III: OUTRAS DISPOSICIÓNS.

Artigo 15.- Das reunións da Asamblea Xeral de Socios e da Xunta Directiva, faráse constar en libro de actas: data da reunión, número de asistentes, temas debatidos, e decisións adoptadas. Cada unha destas actas será firmada polo/a Presidente/a e polo/a Secretario/a. A primeira acta deste libro é a de constitución da Asociación constando relación e firmas dos membros da Xunta Directiva provisional en canto a Asamblea Xeral de Socios non elixa nova Xunta.

Artigo 16.- Este Asociación extenderá recibos polas cantidades que ingrese en calquera concepto, conservará as facturas que acrediten os seus gastos e levará actualizados os correspondentes Libros de Rexistro de ingresos e gastos.

Artigo 17.- No momento da súa inscrición, todo novo socio da Asociación de profesores de Tecnoloxía de Galicia terá á súa disposición unha copia dos Estatutos, e do Regulamento de Réxime Interno (desde que exista).

Artigo 18.- A Asociación, os seus socios e os seus órganos rectores deberán axustarse ó dictado nos presentes estatutos e rexirse polo Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 19.- A Asociación declárase á marxe de calquera ideoloxía, sendo rexidas as

decisións da Xunta Directiva e da Asamblea Xeral de Socios polos fins da Asociación.

Artigo 20.- A Xunta Directiva será o órgano competente para interpreta-los presentes Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno, e cubri-las súas carencias, sempre ó amparo da lexislación vixente.

Artigo 21.- O período de funcionamento do Asociación será indefinido, e solo poderá disolverse por acordo da Asamblea Xeral de Socios, sentenza xudicial, ou por outras causas determinadas legalmente.

Artigo 22.- Os presentes Estatutos entrarán en vigor un día despois de seren aprobados pola Asamblea Xeral de Socios.

En Santiago, a 23 de Febreiro de 2000 asinan os membros da Xunta directiva

PRESIDENTA: María Rosa Fernández Salmonte

SECRETARIO: Roberto Xosé Noya Dopazo